

PROPOSTAS ECOLOXISTAS AO NOVO GOBERNO DA XUNTA

Fins Eirexas

Cara a nova lexislatura, ADEGA demanda que se consoliden os avances ambientais encetados na etapa anterior, se aprenda dos erros cometidos e se camiñe máis decididamente cara a sustentabilidade. Nunca poderemos apoiar unha involución ambiental que bote por terra algunhas conquistas históricas do movemento ecoloxista: Lei de Defensa dos Ríos e paralización das minicentrales; Lei de Residuos e Plano de Residuos Sólidos Urbanos orientado á reciclaxe; Lei de Medidas Urxentes e moratoria urbanística no litoral; Lei da Paisaxe; blindaxe da Rede Natura no decreto eólico; novos espazos protexidos e proposta de ampliación da Rede Natura; participación social nos organismos consultivos, entre outras.

Agardamos tamén que o PP non repita os erros que anteriormente cometeu. As desfeitas teñen nome e lugar no mapa: Prestige, SOGAMA, Plano Hidroeléctrico, Plano Acuícola, Plano Eólico, Xistral, Courel, Rinlo, Cabo Vilán, Umia, Ulla, Ézaro...

A actual crise económica ten unha forte compoñente ambiental. Ao cambio climático global hai que engadir a sobreexplotación dos recursos naturais por riba da súa taxa de reposición, que colocaron a moitos ecosistemas naturais ao borde do colapso. As organizacións ecoloxistas levamos anos advertindo das consecuencias das políticas irracionais e insustentábeis, baseadas no crecemento económico sen fin. Lamentablemente, xa non hai tempo para laiarse: cómpre actuar xa. Calquera

opción política debería ter en conta este panorama e artellar propostas locais para mitigar os efectos perniciosos do cambio climático, frear a deterioración dos recursos naturais e diminuír a nosa pegada ecolóxica. Precisamos dunha mudanza substancial das políticas públicas para incorporar criterios e indicadores de sustentabilidade, con compromisos reais cuantificábeis e temporalizados. Cómpre tamén integrar transversalmente este enfoque sustentábel en todos os eidos da Administración para evitar que, outra volta, sexa a natureza a que acabe pagando as consecuencias da crise.

No cadro adxunto cítanse algunhas das propostas prioritarias. Máis información: www.adega.info.

PROPOSTAS PRIORITARIAS DE ADEGA AO GOBERNO ENTRANTE

Enerxía

- ▶ Obxectivo: redución do consumo fronte ao incremento da produción.
- ▶ Estimular o aforro, mellorar a eficiencia e procurar a suficiencia enerxética de Galiza.
- ▶ Fomento das renovábeis e substitución progresiva das non renovábeis.
- ▶ Mínima afección ambiental e máximos beneficios sociais
- ▶ Imposto ecolóxico aos combustíbeis fósiles e á importación de carbón.
- ▶ Traslado de REGANOSA fóra da ría de Ferrol.

Urbanismo e litoral

- ▶ Consolidar a franxa de protección do litoral e das chairas de inundación dos ríos.
- ▶ Restringir a figura do "axente urbanizador".
- ▶ Penalizar fiscalmente ás vivendas baleiras e segundas residencias e incentivar a rehabilitación.
- ▶ Contiuidade da moratoria urbanística dos 500m (até termos Plano de Ordenación do Litoral).
- ▶ Derrogación do Plano Acuícola e aposta decidida pola recuperación da pesca artesanal, o marisqueo e a acuicultura a flote.

© Alberte S.R.



- ▶ Ampliar a rede de Áreas Mariñas Protexidas e promover a declaración de Reservas da Biosfera para as rías galegas.
- ▶ Desmantelar ENCE-ELNOSA e os depósitos do Ferrazo.

Residuos

- ▶ Redución da xeración de lixo (obxectivo 1% anual) e incineración "cero" ("3R").
- ▶ Comarcalización efectiva e compostaxe de toda a materia orgánica, integrando o aproveitamento dos refugalllos urbanos, agrícolas e forestais.
- ▶ Fomento das industrias de reutilización e reciclaxe e dos circuitos de segunda man.

Augas e ríos

- ▶ Promover o aforro e mellorar a eficiencia no uso da auga, e a prevención da contaminación.
- ▶ Recuperación de ríos e humidais e aposta por modelos descentralizados de saneamento con tecnoloxías brandas.
- ▶ Desbotar máis aproveitamentos hidroeléctricos e estudar a demolición dalgunhas infraestruturas obsoletas ou de alto impacto.
- ▶ Competencias hidrográficas de Galiza para a totalidade do territorio galego.

Conservación

- ▶ Urxente ampliación da Rede Natura 2000 e da Rede Galega de Espazos Protexidos.
- ▶ Aprobación dos instrumentos de xestión (PORN, PRUX, Planos de Conservación, Planos de Recuperación) para todos os espazos e especies xa protexidas.
- ▶ Medidas compensatorias e de dinamización socioeconómica das poboacións afectadas.
- ▶ Nova Lei Galega de Impacto Ambiental.
- ▶ Plano de choque para a prevención e erradicación das especies invasoras.